

Nº	Apelidos e nome	DNI/NIE/...	Quenda	Ex. galego	Ex. castelán	Informe
173	Touris García, María Teresa	35471199R	L	S	S	N
174	Troncoso Sobrino, Ramón	36170277V	L	S	S	N
175	Valverde Gómez, María de los Ángeles	76988801G	L	S	S	N
176	Vázquez Domínguez, Noelia	39452163X	L	S	S	N
177	Veiga Ojea, Estefanía	36159144Q	L	S	S	N
178	Vicente Lomba, Inmaculada	76898921P	L	S	S	N
179	Vicente Martínez, María del Camino	35577451Q	L	S	S	N
180	Vidal Armada, Eva María	77593372C	L	S	S	S
181	Vieito Fernández, Marta	76991933P	L	S	S	N
182	Vilaboa Lago, Diana	53188165K	L	S	S	N
183	Villar Lima, Edelmiro	35280681S	L	N	S	S
184	Villaverde Maklán, Patricia	36177850T	L	S	S	N
185	Viñas Berengua, Susana	39454874F	L	S	S	N
186	Zabalo Rodríguez, Josu	16276225E	L	S	S	N
187	Zarandón López, David	36090280Z	L	S	S	N
188	Zarauza Creo, Cristina	36130014G	L	S	S	N
189	Zayas Delgado, María Isabel	39485908Z	L	S	S	N

Resolución do 19 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a distribución entre os distintos tribunais dos aspirantes admitidos ao procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades, convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 11 de maio).

Aprobada por Resolución do 17 de xuño de 2009 a lista definitiva de admitidos e excluídos ao procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades, convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio), procede determinar os aspirantes que deberán actuar ante cada tribunal.

Na súa virtude, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Asignarlles aos tribunais que xulgarán o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres así como para a adquisición de novas especialidades os aspirantes segundo se especifica no anexo desta resolución.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Dirección xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO I

-Especialidade educación infantil.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados pola quenda de discapacitados nesta especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e do 21 ao 66 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

Tribunal nº 2. Do 67 ao 162 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

Tribunal nº 3. Do 163 ao 257 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

Tribunal nº 4. Do 258 ao 352 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

Tribunal nº 5. Do 353 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Estes cinco tribunais actuarán na Coruña).

Tribunal nº 6. Do 3 ao 106 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo

Tribunal nº 7. Do 107 ao 210 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

Tribunal nº 8. Do 211 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Estes tres tribunais números 6, 7 e 8 actuarán en Lugo).

Tribunal nº 9. Do 7 ao 121 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

Tribunal nº 10. Do 122 ao 235 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

Tribunal nº 11. Do 236 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Estes tres tribunais números 9, 10 e 11 actuarán en Ourense).

Tribunal nº 12. Do 11 ao 119 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

Tribunal nº 13. Do 120 ao 228 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

Tribunal nº 14. Do 229 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

(Estes tres tribunais números 12, 13 e 14 actuarán en Pontevedra).

Tribunal nº 15. Do 5 ao 125 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

Tribunal nº 16. Do 126 ao 246 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

Tribunal nº 17. Do 247 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes tres tribunais números 15, 16 e 17 actuarán en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 18. Do 6 ao 115 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

Tribunal nº 19. Do 116 ao 225 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

Tribunal nº 20. Do 226 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Estes tres tribunais números 18, 19 e 20 actuarán en Vigo).

-Especialidade: idioma estranxeiro: francés.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados en idioma estranxeiro: francés pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

-Especialidade: idioma estranxeiro: inglés.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados en idioma estranxeiro: inglés pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal número 3 actuará en Ourense).

Tribunal nº 4. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 5. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

-Especialidade: educación física.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados nesta especialidade pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo e do 2 ao 76 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

Tribunal nº 2. Do 77 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en A Coruña.

(Estes dous tribunais números 1 e 2 actuará na Coruña).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 4. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Ourense).

Tribunal nº 5. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 6. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 7. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal actuará en Vigo).

-Especialidade: música.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados en música pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña e todos os matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense e do 1 ao 36 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal número 2 actuará en Ourense).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra e do 37 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal número 3 actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 4. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

-Especialidade educación especial-pedagogía terapéutica.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados en educación especial-pedagogía terapéutica pola quenda de discapacitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade para a adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e do 16 ao 69 dos matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

Tribunal nº 2. Do 70 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña e do 6 ao 36 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes dous tribunais números 1 e 2 actuarán na Coruña).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 4. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal actuará en Ourense).

Tribunal nº 5. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

(Este tribunal actuará en Pontevedra).

Tribunal nº 6. Do 37 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 7. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal actuará en Vigo).

-Especialidade: educación especial-audición e linguaxe.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados nesta especialidade pola quenda de discapitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade pola quenda de adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e do 10 ao 63 dos matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

(Este tribunal actuará na Coruña).

Tribunal nº 2. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

(Este tribunal número 2 actuará en Lugo).

Tribunal nº 3. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela e do 64 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Este tribunal actuará en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 4. Todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra e todos os opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Este tribunal número 4 actuará en Vigo).

-Especialidade: educación primaria.

Tribunal nº 1. Todos os opositores matriculados nesta especialidade pola quenda de discapitados na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, os matriculados nesta especialidade pola quenda de adquisición de nova especialidade na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e do 7 ao 92 dos opositores matriculados nesta especialidade pola quenda libre na Coruña.

Tribunal nº 2. Do 93 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade na Coruña.

(Estes dous tribunais actuarán na Coruña).

Tribunal nº 3. Do 3 ao 95 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Este tribunal actuará en Lugo).

Tribunal nº 4. Do 4 ao 91 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense.

Tribunal nº 5. Do 92 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Ourense e do 96 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Lugo.

(Estes dous tribunais números 4 e 5 actuarán en Ourense).

Tribunal nº 6. Do 6 ao 91 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

Tribunal nº 7. Do 92 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Pontevedra.

(Estes dous tribunais números 6 e 7 actuarán en Pontevedra).

Tribunal nº 8. Do 3 ao 114 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

Tribunal nº 9. Do 115 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Santiago de Compostela.

(Estes dous tribunais números 8 e 9 actuarán en Santiago de Compostela).

Tribunal nº 10. Do 4 ao 97 dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

Tribunal nº 11. Do 98 ao remate dos opositores matriculados pola quenda libre nesta especialidade en Vigo.

(Estes dous tribunais números 10 e 11 actuarán en Vigo).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 16 de xuño de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do referido texto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo vacantes que se indican no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións que para o posto se sinalan no anexo I.